

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 28/03/1972

Colección:

Data: 28/03/1972

De:

Luís Seoane;

Para:

Domingo García-Sabell;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

A pintura como comunicación; En torno a la psicología del financiero; Artes; Artes visuais; Literatura; «Europa desde Galicia»; «Las pequeñas variaciones sobre el burlador»;

Mencionados:

Maruxa Seoane; Elena Tormo;

Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 28/03/1972

Buenos Aires, 28 de Marzo de 1972

Sr. D. Domingo García Sabell
Santiago

Meu querido amigo:

Recibín os teus libros *A pintura coma comunicación* e *Testimonio personal*, e Maruxa i eu agradecémosche as adicatorias. Non sei si te escribín xa denantes acusando recibo do derradeiro que recibín, penso que sí pois chegóume nun intre de

moito traballo. De todos os xeitos quero decirche que Testimonio personal é un libro encantador, cheo, coma todos os teus, de achadegos e suxerencias, escritos en máis de xeito maxistral. Penso que eres un dos mellores escritores galegos do noso tempo. Supoño que xa cho dixeron moitos máis autorizados que eu. En torno a la psicología del financiero ou o primeiro breve ensaio Europa desde Galicia, ou Las pequeñas variaciones sobre el burlador son coma os outros, espléndidos ensaios. Hoxe non quero mais que che manifestar a ledicia que me produce a sua lectura.

Unha grande aperta de Maruxa e miña pra Elena e pra tí:

Seoane.

Créditos do proxecto web

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.